



## Educación Secundaria Adultos

### Documentación que se debe achegar:

#### Alumnado matriculado no 2023/2024 no IES Castelao

1. Dúas fotografías tamaño carné co nome e apelidos no reverso.
2. Importe de 1€ do seguro escolar.

#### Alumnado NOVO no IES Castelao

1. Dúas fotografías tamaño carné co nome e apelidos no reverso.
2. Fotocopia do DNI/Pasaporte do/a alumno/a (de non dispoñer desta documentación acompañarase copia do libro de familia).
3. Fotocopia dos DNIs/Pasaporte do/s responsable/s.
4. Fotocopia do boletín de notas ou certificación académica na que se indique que o alumno ou alumna promociona/titula.
5. Importe de 1€ do seguro escolar.



## **Normas xerais**

A ensinanza de adultos e unha ENSINANZA PRESENCIAL, polo que a asistencia a clase é obrigatoria. O 10% de faltas por materia ou ámbito por cada avaliación será considerada polo profesorado como perda de escolaridade. No caso de que esas faltas sexan xustificadas a porcentaxe de faltas será o 20%.

### **A NORMATIVA DE ENSINANZAS DE ADULTOS TEN DIFERENZAS COA ORDINARIA PERO A ORGANIZACIÓN DO CENTRO É MESMA POLO QUE A NORMATIVA É A MESMA:**

1. Manter sempre unha actitude de respecto ante todos os membros da comunidade educativa: profesores, compañeiros e persoal non docente.
2. Participar na creación dun clima no centro que fomente o estudo, o traballo, a curiosidade, a creatividade, a participación, o espírito crítico e construtivo, o respecto e o compañeirismo.
3. Seguir as orientacións dos profesores respecto á aprendizaxe e formación.
4. Estudar e respectar o dereito ó estudo dos compañeiros e compañeiras.
5. Traer o material necesario para as clases e non deixar na aula libros e outros materiais de estudo.
6. Gardar silencio e orde ao subir ás aulas. Entre clase e clase permanecerase na aula.
7. A puntualidade é unha norma elemental. A entrada oficial ao Centro será 5 minutos antes da hora do comezo da xornada lectiva. O horario das clases é de 17.00 a 22.30 horas. O atraso reiterado será motivo de amoestación por escrito e sanción.
8. Nas aulas non está permitido comer nin beber. Está tamén prohibido fumar e inxerir bebidas alcohólicas en todo o recinto escolar.
9. Respetar ás instalacións e mobiliario e repoñelo no caso dun uso incorrecto. Os danos ocasionados en calquera instalación serán abonados polos causantes, ou por todo o grupo se aqueles foran indeterminados.
10. As actividades extraescolares ou complementarias que non ocasionen gasto económico por parte das familias son de carácter obrigatorio e, se figuran nas programacións dos departamentos, cualificables. Se supoñen desembolso económico, son voluntarias, pero os alumnos/as que non asistan ás mesmas, terán o horario lectivo normal.
11. Nos recreos hai que saír ao patio. Unicamente cando chove poderase permanecer nos porches e no vestíbulo; nunca na aula ou escaleiras.
12. Conservaranse limpos e farase un bo uso dos espazos do centro (aulas, corredores, servizos e patios).
13. Non está permitido empregar no centro teléfonos móbiles. Se houbera algunha urxencia, a chamada aos responsables do alumnado farase dende os teléfonos do centro. Asemade non se poderán empregar nas aulas aparatos electrónicos (mp3, tablet, ...).
14. O emprego do teléfono móbil conlevará a súa retirada por parte do profesor, sempre que non sexa empregado con fins educativos, e suporá a correspondente sanción.
15. As faltas xustifícanse con anterioridade, de ser posible. Son faltas xustificadas documentalmente: enfermidade, deber inescusable, accidente... Non son faltas xustificadas a non asistencia por preparación de exames, estudo, etc. As faltas non xustificadas reiteradas dos alumnos/as pode ser causa da perda de escolaridade. Os días de exames as faltas xustificaranse documentalmente.



**Entregar na secretaría do IES**

**Datos do/a alumno/a**

Apelidos		Nome	
Data nacemento	NIF	Teléfono (alumno/a)	E-mail (alumno/a)
Domicilio			

**Teléfono/s para avisos  
urxentes:**

1º teléfono	2º teléfono	3º teléfono
-------------	-------------	-------------

**Protección de datos**

Autorizo       Non autorizo

1º) O tratamento da imaxe do alumno ou alumna en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo IES Castelao e polos responsables e autoridades educativas na súa páxina web, na revista escolar e en medios de comunicación durante o curso escolar 2023/2024.  
2º) O tratamento da imaxe nas contas que o IES Castelao dispón en Facebook, Instagram, Vimeo, Youtube e Twitter así como a posible transferencia internacional de datos, derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores.  
3º) Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento mediante escrito dirixido á dirección do IES Castelao.

**Normas do centro**

A matrícula supón a aceptación das normas do IES Castelao, das cales se acompaña un extracto na parte posterior desta folla.

**Matrícula (marca cun X a opción escollida)**

ÁMBITOS DE COÑECEMENTO	MÓDULO III	MÓDULO IV
Comunicación		
Científico - Tecnolóxico		
Social		

Primeira lingua estranxeira: Inglés

En Vigo, a ..... de ..... de 2024

Sinatura do/a alumno/a

"En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a [xt.cultura.educacion@xunta.es](mailto:xt.cultura.educacion@xunta.es)".